

CONTRA A DESINFORMACIÓN... EDUCACIÓN



Etapa: de 12 a 15 anos.



Nivel de dificultade: medio



2 socios



Temporalización: 7 sesións



Etiquetas:

Noticias falsas (*fake news*), desinformación, charla/obradoiro, visita dun experto

Descrición da actividade:

Charla-obradoiro relacionado co mundo da información. A charla-obradoiro realízase ou no centro español presencialmente ou por videoconferencia. Tanto dunha maneira como doutra compartirase co resto dos membros do proxecto.

Obxectivos: (3 máximo)

1. Entender mellor qué é a desinformación.
2. Aprender maneiras de loitar contra a desinformación.
3. Aprender a participar nunha charla profesional (toma de notas, rolda de preguntas,...)

Competencias clave e temas transversais:

- Comunicación lingüística
- Competencia dixital
- Competencias sociais e cívicas
- Educación para os medios de comunicación
- Educación do consumidor (e usuario)

Contidos curriculares:

- Comprensión e expresión oral
- Resumo e síntese dunha conferencia, charla ou obradoiro



Aspectos inclusivos:

Tense en conta as características individuais de cada alumno á hora de organizar a charla/obradoiro, asegurando que todos poidan participar na/no mesmo.

Produtos/ resultados esperados:

Póster, tríptico, mapa conceptual, ou similar - resumo da charla-obradoiro cun decálogo de ideas para combater a desinformación.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Paso 1

O centro español ponse en contacto con [Maldita.es](https://www.maldita.es) ou outra organización similar para concretar qué tipo de charla/obradoiro se adapta mellor ás características do grupo. No caso de Maldita.es, o contacto faise a través deste [cuestionario](#)

Paso 2.- Combínanse os formatos presencial e videoconferencia; é dicir, no Centro español a charla ten lugar de maneira presencial, pero o Centro socio asiste a través de videoconferencia.

Paso 3.- Unha vez concretado todo o relativo á charla/obradoiro, trabállase con todos os alumnos membro do proxecto para preparar un mellor aproveitamento da mesma, facilitándolles a información que se considere necesaria. Trabállase dentro de cada grupo-clase.



imaxe 1- traballando na aula

Paso 4.- pídesse permiso para gravar a charla presencial e compartila posteriormente co resto de socios. Se se fai videoconferencia, participan todos directamente.



imaxe 2- charla presencial



imaxe 3- videoconferencia

Nota: a videoconferencia prográmase no Twinspace, pero convén ter un plan B por se houbo problemas técnicos de última hora. Pódese falar cos demais socios e acordar outra plataforma (Hangouts, Google meet, Jitsi, ou similar).




Tutorial: Cómo [programar unha videoconferencia](#) no Twinspace:

Paso 5.- Antes de levar a cabo esta actividade, os profesores de cada centro participante no proxecto acordan cómo agrupar os alumnos en equipos internacionais. Preparan unha táboa cos membros de cada equipo e sóbena á páxina que crean para isto no TwinSpace.

equipos	Alumno país 1	Alumno país 2
1	xxxxxxx	yyyyyyyyy
2		mmmm
3		




Tutorial: [Crear páxina](#) no TwinSpace:



imaxe 8- vista en Twinspace

Paso 6.- Nesa mesma páxina ou noutra creada especificamente para esta actividade, crean tamén un TwinBoard; necesítano para finalizar a actividade.



imaxe 4- TwinBoard

Paso 7.- Os profesores abren un Foro co mesmo título que a actividade e crean un fío de discusión para cada equipo internacional.



Tutorial: Cómo [crear un Foro](#) no Twinspace:

Paso 8.- unha vez feitos os pasos 5, 6 e 7 e realizada a charla-obradoiro, os alumnos, agrupados en equipos internacionais, comentan o visto e aprendido no obradoiro e deciden cómo presentalo á súa comunidade (póster, esquema, xogos con preguntas e respostas tipo Kahoot ou similar, vídeo en Flipgrid,...). Compártese todo no TwinBoard do TwinSpace, e no taboleiro do instituto (papel).



*Durante todo o proceso, os profesores supervisan e asesoran pero permitindo nos alumnos a liberdade de creación que a actividade require.



. Ferramentas do TwinSpace / ferramentas 2.0 externas:



Twinspace: TwinBoard, materiais, foro, TwinMail

ferramentas 2.0 externas

- [Sway](#)
- [Adobe spark](#)
- [Crello](#)
- [mindmup](#)
- [popplet](#)
- [mindmeister](#)
- [kahoot](#)
- [quizziz](#)
- [learningapps](#)
- [flipgrid](#)